



Santiago, 19 de decembro de 2016

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, salientou hoxe o incremento dun 47% dos orzamentos para seguir potenciando a transformación e comercialización dos produtos agrogandeiros. “Seguiremos apoiando todos aqueles proxectos que contribúan a modernizar e fortalecer o sector”, aseverou, precisando que en 2017 se incrementará, ademais, un 35% as partidas destinadas á promoción.

Durante o acto de entrega dos Premios Pyme Carrefour de Galicia, Feijóo subliñou que os produtos galegos son cada vez máis competitivos nos mercados internacionais e lembrou que, hoxe, a Marca Galicia constitúe todo un sinónimo de calidade e distinción.

Nesta liña, referiuse á Queixaría Hoxe como un referente do camiño que se debe seguir no eido do lácteo. Non en van, creada hai xa máis de catro décadas por gandeiros e agricultores que decidiron unir esforzos para comercializar de xeito conxunto a produción de leite, na actualidade, esta cooperativa dedícase en exclusiva á fabricación de queixos, cunha facturación de máis de 6 millóns de euros.

Ao longo da súa intervención, Feijóo referiuse tamén á constitución o pasado venres de Clun, unha gran cooperativa que xorde da unión de Feiraco, Melisanto e Os Irmandiños e que agrupará 3.600 socios, o 15% do mercado lácteo do país.

Así mesmo, o titular do Goberno galego afirmou que o sector agroalimentario galego non é alleo tampouco á internacionalización, como proba Pazo de Valdoviño, galardoada co premio á empresa innovadora, e que xa acumula moitos outros galardóns nacionais e internacionais.

Feijóo salientou que a Denominación de Orixe Rías Baixas aumentou case un 22% as súas exportacións durante a campaña 2015-2016 ata superar os 6 millóns de litros, máis do dobre que en 2009.

Ademais de destacar a responsabilidade social corporativa de **Hornos Lamastelle**, galardoada polo seu labor de integración das persoas con discapacidade, o responsable autonómico recoñeceu o papel de Carrefour como dinamizador da nosa economía, con máis de 550 provedores galegos que traballaron o ano pasado con esta empresa, xerando un volume de 255 millóns de euros en compras de produtos autóctonos.